

**LER
PARA
SABER**

ACTIVIDADES




rodeira

1. Completa a ficha bibliográfica do libro:

Título:
Autor/a:
Ilustrador/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. Fíxate na portada do libro e sinala as seguintes partes:



- * En cor azul, o título do libro.
- * En laranxa, a editorial.
- * En cor vermella, o nome da autora do libro.
- * En negro, a idade recomendada para a lectura.
- * En verde, a colección á que pertence.
- * En marrón, o nome do ilustrador.

3. Imos fixarnos na dedicatoria que aparece ao principio do libro.

* Marca a opción correcta. Unha dedicatoria é:

- Un parágrafo que nos fala da autora do libro.
- Un pequeno resumo da historia.
- Un pequeno escrito dirixido a unha ou varias persoas en concreto por parte da autora.
- Unha listaxe de aspectos técnicos do libro.

* Busca a dedicatoria deste libro e cópiaa aquí:

4. Observaremos as distintas ilustracións deste libro. Todas foron realizadas polo mesmo ilustrador: Jordi Sempere.

* Fai un breve resumo de en que consiste o traballo dun ilustrador ou ilustradora.

* Coñecías este ilustrador? Busca algunha outra ilustración realizada polo mesmo autor e péga a aquí.

- 5.** Escribe unha frase con cada unha das seguintes palabras que aparecen no libro. Se non coñeces o seu significado, búscas nun dicionario:

ANIÑAR:

TABOLEIRO DE EDICTOS:

ESGORXARSE:

CAUTELA:

MAXISTRADO:

- 6.** A seguir, fai un breve resumo explicando que momento da novela che resultou:

* MÁIS EMOCIONANTE:

* MÁIS DIVERTIDO:

* MÁIS TRISTE:

* MÁIS ALEGRE:

7. Localiza na sopa de letras o nome de 7 dos personaxes que aparecen no libro.

M	O	R	T	I	M	E	R	I	P	W	P
E	A	D	F	X	N	U	O	M	A	R	E
N	U	R	G	T	M	Y	E	V	N	L	T
O	I	A	I	P	A	T	L	I	A	K	E
T	O	G	J	N	L	R	U	R	T	I	R
M	L	P	E	O	E	R	C	C	T	N	S
L	A	M	B	E	R	T	A	A	A	S	O
L	A	T	L	B	I	E	T	F	D	C	N
P	S	H	Z	R	E	N	O	I	R	A	W

* Con cal destes personaxes te identificas máis? Xustifica a túa resposta.

8. No libro faise referencia a que Marinetti denunciou o zapateiro do seu barrio porque este non reciclaba correctamente. Nesta actividade propoñémosche que, en grupos de 3-4 alumnos, inventedes e elaboredes un instrumento musical feito con elementos de reciclaxe. Posteriormente, farase unha presentación dos distintos instrumentos ante o resto dos compañeiros.
9. No capítulo titulado «William», o botánico fálanos dos xeranios e as azaleas. Busca información de ambos os dous tipos de flores, de modo que che permita sinalar cales das seguintes plantas son xeranios e cales azaleas. Para iso podes consultar distintas fontes (Internet, florarías etc.).



10. Na novela faise referencia aos refuxiados que teñen que deixar o seu país por culpa da guerra. A miúdo, foxen en pateras poñendo en perigo a súa propia vida.

Busca nalgún xornal da túa localidade unha noticia relacionada con este tema que creas interesante comentarlles aos teus compañeiros de clase e péga aquí.



- 11.** A seguir propoñémosche que busques en Internet a canción *Duele demasiado* de David Bisbal, referente aos nenos refuxiados que deben abandonar os seus países.



- * En grupos de 4-5 compañeiros, reflexionade sobre a letra desta canción. Despois, con toda a clase, iniciade un debate onde se expoñan os puntos de vista e reflexións dos distintos grupos en relación coa letra desta canción.
- * Cada grupo preparará unha pequena coreografía con esta canción e realizaraa ante os seus compañeiros da clase.

12. Noz e o zapateiro fanse amigos e o segundo cóntalle que a súa nai se namorou dun xogador de rugby e foi vivir a Australia con el.

* En que consiste este deporte?

* Que beneficios achega practicar o rugby?

* E ti, practicas algún deporte de maneira habitual? Cal? Que beneficios cres que che achega?

13. Marca cales das seguintes afirmacións son falsas e corríxeas. Podes consultar o libro.

- Marinetti adoita vestir de negro e gris escuro.
- Marinetti denunciou o zapateiro do seu barrio porque facía ruído.
- Noz caeu dunha nogueira ao xardín da avogada.
- William está a regar un cacto cando coñece a Noz.
- Os pais de Noz morreron nun accidente de avión.
- A señora Lambert dálle a Noz unha bolsa con comida.
- O zapateiro déixalle escoller a Noz uns zapatos e este escolle unhas zapatillas deportivas.
- Noz cóntalle ao Sr. Peterson que o seu pai era xardineiro e lles falaba ás plantas.

- 14.** Agora propoñémosche un xogo de atención. Na seguinte ilustración, conta cantas veces aparecen nozes (ten en conta que poden estar con ou sen casca).



- 15.** No capítulo titulado «Bruno Panatta», a neta deste cóntalle a historia dunha nena peixe que fai que o xuíz se reformule a situación e tome unha decisión a respecto de Noz. Pedímosche agora que elabores un pequeno conto onde apareza un peixe. Lembra que a estrutura do texto terá que ter presentación, nó e desenlace.



- 16.** Ao longo da novela méncionanse distintos froitos secos, como os pistachos ou as nozes. Xa sabes que Omar é un experto en preparar sobremesas. Busca ti algunha receita sinxela de sobremesas con froitos secos e péga aquí.

- * Agora, visita un supermercado e infórmate dos prezos dos distintos ingredientes que necesitas para elaborar esta receita. Calcula o custo total.

- 17.** Na páxina 71 do libro, Omar cóntanos como chegou á vida de Marinetti. Relé o capítulo e acaba de completar esta ilustración tal e como ti imaxinas a escena partindo da nogueira.



18. Puntúa do 1 ao 10 os seguintes aspectos da obra segundo a túa opinión:

- Divertido:
- Crible:
- Interesante:
- Pesado:
- Orixinal:
- Longo:

* Gustouche este libro? Que aprendiches del?

* Recomendaríaslle a algún amigo que o lese? Por que?



Actividades

